

***PROXECTO PARA A DINAMIZACIÓN
DO USO DO IDIOMA GALEGO***

***IES PINO MANSO
DE O PORRIÑO***

CURSO 2018-2019

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O Equipo de Dinamización lingüística do IES Pino Manso de O Porriño presenta a actualización e revisión do “Proxecto de fomento e uso do galego” para o curso 2018-19. A súa pretensión é continuar realizando actividades e compartir experiencias que promovan, inciten e/ou consoiden a estima pola lingua, mellorar a competencia dos falantes e, sobre todo, conseguir aumentar o seu número aínda que esta sexa a parte máis árdua do proxecto. Pretendemos continuar co labor realizado en cursos anteriores procurando que a lingua galega non diminúa a súa presenza nas actividades que se realizan no Instituto nin nas relacións entre os membros da comunidade educativa. As actuais circunstancias sociais e históricas supoñen un auténtico reto para o futuro da nosa lingua. Conscientes da importancia do labor dinamizador, pretendemos animar e colaborar con todos aqueles axentes que desexen participar neste proxecto.

O marco legal no que se inscribe o presente proxecto:

1. Artigo 3 da Constitución que no seu punto 1. Establece que o castelán é a lingua oficial do Estado e no punto 2 que as demais linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus estatutos.
2. O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 5 define o galego como lingua propia de Galicia e di que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia. Todos os galegos teñen o dereito de coñecelos e usalos. Establece que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública , cultural e informativa e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. De acordo con este Estatuto a

Comunidade Autónoma ten competencias exclusivas na promoción e ensino do galego.

3. Decreto de Normativización da lingua galega.
 4. Lei 3/1983 do 15 de xuño de Normalización lingüística.
 5. Plan Xeral de Normalización da lingua galega de 21 de setembro de 2004.
 6. Decreto 127 , 28 de xuño de 2007 polo que se regula a presenza do galego no ensino . que derroga o Decreto 247/1995 de 14 de setembro .
 7. A aprobación deste decreto 124/2007 supón un novo marco lexislativo.
 8. Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia .
- 8.- En virtude desta lexislación constitúese no IES Pino Manso do Porriño o **Equipo de Dinamización** integrado polos seguintes compañeiros:

Profesora coordinadora: María C. Pereiro Vizcaíno.

Departamentos colaboradores :

Galego

Ciencias Naturais: José Ángel Rivas Monroy e Lucinaider Fernández

Ciencias Sociais : Xoán González Leirós,

Física e Química: M^a José Fernández Novo.

Educación Plástica: Juán Carlos Lago Bravo

Inglés: M^a Carmen García

Francés: Monique Otero e Lourdes Manteiga

Música: M^a Teresa Saínz Vega

Lingua Española: María Diéguez

Educación Física: José Ramón Rey e Susana Sangiao

Alumnado: Alumnos e alumnas de 2º, e 4º da ESO, e 2º de BAC.

Membro non docente: Carlos Gaspar Martínez.

Continuando o labor realizado en cursos precedentes, e acorde co recollido no P.E.C., coas propostas do Plan Xeral Anual, coas programación dos Departamentos e coas directrices contidas na programación anual de actividades aprobado polo centro, a nosa finalidade para o presente curso segue a ser a mellora da **competencia lingüística** dos membros dos diferentes colectivos da nosa comunidade escolar, para que normalicen o uso do galego, superaren os prexuízos existentes e se impliquen en todas as actividades, tanto escolares como extraescolares.

Na actualidade o Centro atende arredor de 500 alumnos, de idades comprendidas entre 12 e 20 anos. O alumnado da ESO procede basicamente das parroquias de O Porriño, Cans e Atios. No Bacharelato increméntase con alumnos de Salceda de Caselas e Mos. O 43% residen no casco urbano de O Porriño, o 22% procede de lugares próximos e fan uso do transporte escolar. Esta situación condiciona a participación do alumnado en actividades programadas fóra do horario lectivo, especialmente en niveis inferiores, que soen ser os máis receptivos.

O nivel de estudos dos pais e nais está acorde coa media de Galicia: un 45% teñen estudos primarios, un 35% estudos medios e o 20% restante teñen estudos superiores. No referente á situación laboral, os cambios que se están producindo na sociedade, a crise de valores, a pluriculturalidade, a globalización, o intercambio inmediato de información, a substitución de xeitos tradicionais de vida, o abandono da vida rural e de labores que nos fornecían de palabras, os novos xeitos de aprendizaxe... lévanos a repensar as maneiras de relacionarnos coa nosa lingua e reivindicar o seu papel no



mundo multicultural e globalizado, conscientes de posuír unha riqueza individual, e un ben cultural propio que nos abre portas ao resto do mundo e é unha fonte coa que crear obras de arte, cultural e material para emprender novas empresas (como ben dicía Castelao).

No proceso de crecemento demográfico da vila, constátase o aumento de inmigrantes de variadas procedencias, sendo os venezolanos o grupo máis numeroso. Isto estanos a impor novos retos para achegarles e introducirlos na nosa cultura e lingua, menos mal que no centro contamos coa axuda das dúas profesoras de apoio (titulados en Psicoloxía e Pedagogía), coa boa vontade de todos os profesores e, sobre todo, coas ganas de aprendizaxe e integración da maioría destes alumnos (destacando de forma sorprendente os procedentes do Leste).

Segundo as últimas enquisas realizadas sobre a lingua na que habitualmente se desenvolven os compoñentes da nosa comunidade escolar, observamos:

- Na familia: destaca que o uso do galego segue diminuindo de xeito alarmante na comunicación entre pais e fillos, é escasa entre fillos e pais, mantense entre os maiores, aínda que con aumento do bilingüismo e, os rapaces entre eles a penas o usan.

LINGUA DE COMUNICACIÓN



- No profesorado: podemos falar dun uso equilibrado entre as dúas linguaas nas aulas, (respeitándose maioritariamente a normativa vixente e espallándose a outras materias non implicadas), mentres que na sala de profesores e conversas informais é maioritario o uso do galego.



A realidade lingüística do noso alumnado, a pesar de proceder e vivir nun ámbito galego-falante (parroquias do Porriño e da contorna como son Tui, Mos ou Salceda), caracterízase por unha crecente desgaleguización, quizais debida á ruptura interxeneracional e as *barreiras* sociais que os profesores e o ensino en galego non conseguén superar. O alumnado non dá o paso definitivo no uso da lingua galega, pensamos que quizais pola falta de recursos, actividades, espazos e ámbitos de uso que lle resulten interesantes e atractivos e, sobre todo, que teñan sempre unha proxección e continuidade fóra do centro. Estas serán as nosas prioridades.

Partimos dunha situación bastante desesperanzadora ao comprobar que o galego está a desaparecer como lingua de comunicación e relación habitual entre a mocidade e no ámbito familiar. O seu emprego no Centro é algo residual. Cada vez é menos habitual escoitar ao alumnado relacionarse en galego, é un alumnado que xa non o escoita na

casa pois os seus pais e mesmo os seus avós son castelán falantes. O único contacto que estes alumnos teñen co galego é a nivel académico co cal teñen maiores dificultades á hora de expresarse tanto a nivel escrito como oral. Isto esixe un labor dinamizador encamiñado a mellorar a competencia oral e escrita, superar prexuízos áindá existentes e, así, aumentar a estima pola lingua.

Pouco alumnado sente o idioma como un elemento de identidade e cultural e non é consciente de que seguen a existir os prexuízos lingüísticos. Aumenta o número de rapaces que afirman non saber falar en galego e diminúe o número dos que afirmaba dominalo pero non usalo. Asocian o emprego da lingua á materia de lingua e literatura galega.

Por todo isto cómpre recuperar ámbitos de uso xa que a lingua é un patrimonio que se debe conservar e de non usarse, acabará por esmorecer. O alumnado debe entender que é unha tarefa responsabilidade de todos na que eles xogan un importante papel. A sensibilidaxe cara o propio idioma leva consigo, ademais, a sensibilización cara outras realidades culturais.

Respecto á linguaxe administrativa: emprégase o galego na documentación e nas comunicacións escritas co alumnado, familias, e outras institucións, no rotulado e notas informativas dos taboleiros. As comunicacións orais realizanse habitualmente en castelán. Nos conserxes o emprego é dun 50%.

Para dar resposta a esta situación consideramos que o noso traballo é colaborar en todas as actividades que se realicen no centro independentemente do departamento que as organice, sempre que estas sexan na lingua para a que este proxecto nace: seminarios, biblioteca, aprendizaxe cooperativa, proxecto de centro, outros departamentos...

Cómpre insistir e traballar arreo para recuperarmos moitos ámbitos de uso da nosa lingua e facerlle comprender aos alumnos que o galego é unha lingua, a nosa, con unha cultura e un peso igual a calquera outra e que canta máis linguas fale máis doados será desenvolverse neste mundo plurilingüe que nos/lles tocou vivir.

Desde o equipo de Dinamización pretendemos animar ao profesorado a relacionarse na nosa lingua co alumnado e ofrecer a axuda necesaria para que se cumpla a normativa respecto ao uso do galego nas aulas, traballar coa fin de que medre a estima pola lingua e reverter na medida do posible a situación sociolingüística para que se superen os

prexuízos que aniñan áinda en grande parte deles. Estamos a asistir a unha substitución lingüística que cómpre deter.

Consciente destas realidades o propio P.E.C. recolle, entre os seus **obxectivos**, medidas como:

- Potenciar o uso do galego e o sentimento de dignidade e lealdade cara á lingua.
- Asegurar o equilibrio entre galego e castelán.
- Propiciar o uso do galego oral e escrito.
- Empregalo como lingua única da administración do Centro.

E, é nesta liña na que o Equipo de Dinamización está a actuar. Para acadar os mellores resultados, ademais de implicar ao alumnado, contamos coa colaboración dos Departamentos sinalados e dos demais colectivos, e continuando co labor emprendido, *propónenos os seguintes obxectivos*:

1. Incrementar a competencia lingüística dos membros dos diferentes colectivos da comunidade escolar e potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego para eliminar os prexuízos lingüísticos existentes.
2. Desenvolver actividades convxuntas con entidades e centros da comarca.
3. Realizar obradoiros sobre novas tecnoloxías. Utilizar as novas tecnoloxías para a elaboración de materiais e actividades cuxo obxectivo é fomentar a creatividade do noso alumnado.
4. Utilizar a lingua galega en contextos novos e atractivos para os nosos mozos e mozas, partindo das novas tecnoloxías : o mundo audiovisual, as novas tecnoloxías, a música, etc.
5. Ampliar o vocabulario técnico e científico en lingua galega.

6. Adquirir seguridade e confianza en si mesmos/as para utilizar a lingua galega en contextos non académicos.
7. Potenciar as nosas tradicións, recoller material oral dos nosos maiores para que o alumnado sinta que forma parte dunha comunidade que conta cunha cultura propia que debe manter e transmitir e intentar recollelo nun pequeno xornal (tarefa pendente de hai anos.)
8. Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades que se levan a cabo no Centro.
9. Traballar cara a consecución dunha boa competencia nas dúas linguas oficiais.
10. Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia da nosa Comunidade en colaboración coa Biblioteca de centro.
11. Seguir promovendo a escrita en galego en todas as comunicacións que saian do centro, así como toda a documentación empregada a nivel interno
12. Facilitar a asistencia ao instituto de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros relevantes da escea pública, que promovan a lingua e cultura galegas.
13. Dotar á biblioteca e ás aulas de materiais informáticos e audiovisuais en galego, e promover o seu uso.
14. Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante.
15. Manter e promover relacóns abertas co concello, asociacións veciñas, ANPA e outros Equipos de Dinamización da Lingua Galega
16. Sensibilizar ao alumnado coas peculiaridades do seu entorno. Vivimos unha situación planetaria marcada por graves problemas relacionados coa degradación do medio ambiente e da sociedade (contaminación, esgotamento de recursos, conflitos sociais...) dos que os primeiros vense claramente refechidos en O Porriño (só hai que ver o

impacto dos Polígonos industriais no ecosistema das Gándaras de Budiño). Cómpre que o alumnado sexa consciente desta gravidade e asuma un compromiso activo que comece a notarse no propio centro cunha campaña de sensibilización cara ao consumo innecesario e limpeza do centro e arredores.

17. Celebrar concursos en colaboración coa Biblioteca para motivar a participación do alumnado nos diferentes obradoiros: coplas, poesías, relatos, ... incentivando o uso do idioma.
18. Profundar no coñecemento do patrimonio natural, cultural e étnico de Galicia para que o alumno/a se implique na súa conservación e divulgación con diferentes saídas á contorna: muíños, castros, o medio natural das Gándaras...
19. Continuar o traballo interdisciplinar cos departamentos de Ciencias Sociais, Ciencias Naturais, Lingua e Literatura Galega e Castelá e de Educación Plástica e Visual. E intentar implicar a todo o centro.
20. Ditar unha serie de conferencias en galego que impliquen a todos os colectivos da comunidade escolar e proxectar en galego películas de diferentes temas.
21. Renovar o fondo bibliográfico, informático e videográfico da nosa biblioteca escolar segundo os recursos disponibles.

As **actividades** escollidas para conseguirmos estes obxectivos son:

Conferencias

-Continuar cos ciclos de conferencias sobre todo con autores de libros de lectura e con personalidades relacionadas coa ciencia, a investigación e experiencias emprendedoras, contamos con:

Ledicia Costas, autora de *O corazón de Xupiter e Xules Verne e a vida secreta das mulleres planta*.

Francisco Castro, autor de ***Chamádeme Simbad***

Grupo de teatro Sarabela

Talleres:

-Taller de regueiras e improvisación oral: Luís Caruncho. En colaboración co departamento de lingua española e alumnado de oratoria.

- Taller de teatro cos alumnos do primeiro ciclo.

- Participación e creación de carteis para a “Carreira pola Igualdade” que se celebra no centro.

En colaboración co Departamento de Educación Física

-

Teatro:

-O alumnado asistirá á representación dunha obra, sen determinar, bilingüe galego – inglés. En colaboración co departamento de inglés.

- Intentaremos traer ao centro algunha obra para os más pequenos ou levarémoslos ao teatro.

- Visita e clase práctica de Galicia..... actriz de teatro

Investigación

- En colaboración co Departamento de Física-Química, os alumnos de 3º e 4º farán un estudo sobre a situación medioambiental da súa contorna, un dos temas do Proxecto Terra .

- En colaboración co Departamento de Ciencias Naturais, os alumnos de 1º da ESO elaborarán unha exposición fotográfica so lema “Coñece a túa contorna: as nosas árbores”. As fotografías irán acompañadas dunha pequena descripción, dos diferentes nomes que reciben segundo a zona e unha escolma de follas e froitos.

- Como proxecto conxunto de todo o centro e en colaboración coa Biblioteca, continuaremos coa campaña de concienciación e compromiso coa solidariedade e a igualdade, valores tan en crise neste mundo no que estamos a vivir.
- O seminario de Galego en colaboración co de Historia desenvolverá un proxecto de achega de diferentes lugares emblemáticos de Galicia ao alumnado. O curso escollido é 2º ESO.

Concursos

- Concurso xogos tradicionais no **Magosto**.
- Concurso de calacús polo **Samaín**
- Concurso de coplas e comparsas de **Entroido**.
- Co gallo do día das Letras Galegas, concurso de murais no que se espoñan os traballos realizados polos alumnos/as nas diferentes áreas.
- Campaña de galeguización: **Pon nome de autor ás túas aula (4º ano)**

Desprazamentos culturais

- Realizar diversas excursións guiadas polo casco histórico do Porriño coas pertinentes explicacións sobre urbanismo e a obra de Antonio Palacios.
- Participación no “Correlingua” 2018.
- En colaboración co Departamento de Historia, saída cultural á illa de S. Simón. Alí realizaremos actividades e gravaremos recitado de cantigas.
- Realizar diferentes saídas para ampliar o coñecemento do patrimonio cultural, étnico e paisaxístico de Galicia:
 - Visita ao **Museo Provincial** de Lugo;

- Ruta literaria Jules Verne en Vigo

- Visita ao ***Castro de Vilalonga*** e o ***Pedregal de Irimia***;

- Excursión á Illa de San Simón;

- saída ao medio natural ***Caurel – Ancares***;

- saídas á contorna: Vigo, á Lanzada,...

- camiñadas...

Cadro resumo das actividades

ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN	DEPARTAMENTOS	DESTINATARIOS	ORZAMENTO E MATERIAL
LEDICIA COSTAS	1º TRIMESTRE	DINAMIZACIÓN	1º ESO	De balde
FRANCISCO CASTRO	1º TRIMESTRE	DINAMIZACIÓN	2º ESO	De balde
MAGOSTO	1º TRIMESTRE	VICEDIRECCIÓN	TODO O CENTRO	100 euros
TALLER DE TEATRO	1º TRIMESTRE	DINAMIZACIÓN	1º ESO	A determinar
TEATRO GALEGO INGLÉS	2º TRIMESTRE	Colaboración con INGLÉS	3º E 4º ESO	200 eur
CONFERENCIA AUTOR LIBRO LECTURA	2º TRIMESTRE	DINAMIZACIÓN	1º ESO , 2º ESO	De balde
TALLER REGUEIFAS	2º TRIMESTRE	Colaboración con L. ESPAÑOLA	2º ESO	300 euros
O ENTROIDO CONCURSO COPLAS	2º TRIMESTRE	Colaboración con VICEDIRECCIÓN	TODO O CENTRO	150 euros
VISITA AO MUSEO DE LUGO	2º TRIMESTRE	LINGUA GALEGA	4º ESO	300 euros Sub. buses
VISITA CULTURAL Á CORUÑA	2º TRIMESTRE	Colaboración con FÍSICA E QUÍMICA	3º ESO	300 euros Sub. buses

Camiñada e estudo da fauna e flora do Monte Aloia	Un día no 2º trimestre	Departamentos de Lingua galega e Ciencias naturais	Alumnos da ESO	150 euros Sub. buses
Saída para coñecer o urbanismo do Porriño	Un día 3º trimestre	Colaboración con Departamento de historia	Alumnado 1º da ESO	De balde
Estudo xeolóxico e botánico en <i>O Courel</i>	3 días no 2º trimestre	Colaboración con Departamento de Ciencias naturais	Alumnos de bacharelato da materia de Ciencias da terra	1000E Sub. buses
EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA AS NOSAS ÁRBORES	ABRIL-MAIO	Ciencias naturais e Lingua galega	1º ESO	150 euros
VISITA A ILLA DE S. SIMÓN		Lingua galega Historia	Alumnos de 4º da ESO	200 euros
Regueifas. Taller	Dous días da semana de actividades	Colaboración con Departamentos de lingua inglesa e española	Alumnos de 4º da ESO	300E
Concurso murais día das Letras e Cartaces Carreira pola igualdade	3º TRIMESTRE	Colaboración con Departamentos de lingua galega e educación física		150 E premios
Elaboración dun xornal escolar	Ao longo do curso	Coordinado Dinamización	Todo o centro	50 euros
Obra de teatro e escenificación	Todo o curso	DINAMIZACIÓN	1º ESO	Sub actor

Os alumnos aportaran cantidades, na contía que poidan, para o pago de transporte nas distintas saídas e visitas culturais. Tratarase de que sexan o menos custosas posible dado que nas actuais circunstancias hai alumnado que carece de recursos e, intentarase que participe todo o mundo.

Para a realización destas actividades contamos coa participación e axuda de todos os membros do Centro (alumnado, familias, ANPA, docentes e persoal non docente). Pretendemos promover unha actitude positiva cara á lingua que favoreza o seu uso e elimine prejuízos existentes. Que o alumnado aumente a súa competencia lingüística, o coñecemento do contorno cultural, valore a riqueza natural, se responsabilice do seu coidado e se sinta orgulloso do noso patrimonio.

O Porriño, 11 de Outubro de 2018




A coordinadora de dinamización lingüística

María C. Pereiro Vizcaíno

Visto e prace

A directora



Asdo: Rosa Mª Fernández Calvo